

ABRIL

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



CONCELLO DE SANTIAGO

Día	Hora	Lugar	Actividade	Idade	Procedemento
Martes 17	17.30 h	CSC do Ensanche	Baila Roque baila! Andrea Bayer de Baobab Teatro Un espectáculo de teatro dinámico, divertido e participativo onde teñen cabida os contos e os bailes.	1 a 6 anos	25 prazas. Inscripción entre o 9 e o 12 de abril, por correo a dlg@santiagodecompostela.gal
Sábado 21	11.30 e 12.30 h	Galería Sargadelos	Do berce á lúa Sesión de contos baseados na colección de libros infantís da editorial Kalandraka. Dentro da programación da XVIII Campaña municipal de animación á lectura.	0 a 3 anos	Cómpre reservar praza no Departamento de Educación 981 554 400/401
	11.30 h	CIAC e Parque de Belvís	Obradoiro de iniciación á ornitoloxía Un achegamento ás aves que nos rodean na cidade de Compostela, en concreto no Parque de Belvís. Aprenderemos aspectos básicos da ornitoloxía: observar e identificar, características principais, onde viven, como viven, que comen..., e a ser conscientes de que as aves tamén xogan un papel vital nos ecosistemas urbanos.	A partir de 8 anos	Inscripción chamando ao 981 543 145 ou enviando un correo a ciac@santiagodecompostela.gal
Martes 24	17.30 h	CSC do Ensanche	Contos para bebés Pavís Pavós Escoitaremos pequenas historias apropiadas para as primeiras idades que falan das cousas cotiás, enlazadas con ditos e cancións tradicionais e algunha composta adrede. As cores, as formas, os sons, o xogo e o ritmo serán o eixe da actividade.	Ata 3 anos	20 prazas. Inscripción entre o 16 e o 19 de abril, por correo a dlg@santiagodecompostela.gal
Sábado 28	11.30 h	CIAC e Brañas do Sar	Ruta interpretativa das Brañas do Sar A nosa cidade conta cun patrimonio natural vinculado á auga que destaca, como no caso das Brañas do Sar, polo seu valor ecolóxico, cultural e etnográfico. Acompañaremos a auga no seu percorrido dende o Parque de Belvís ata o río Sar e as súas brañas, coñecendo e recoñecendo os seus valores naturais e paisaxísticos así como os usos tradicionais e outras curiosidades deste fermoso ecosistema húmido que temos de preservar. *Recomendación: levar calzado cómodo e impermeable.	A partir de 9 anos	Esta actividade é de balde pero é preciso inscribirse chamando ao teléfono 981 543145 ou enviando un correo a ciac@santiagodecompostela.gal
	18.30 h	Teatro Principal	Gaia Entremáns O noso fogar, a Terra, está a cambiar rapidamente... Debemos atopar unha forma de vida máis respectuosa para protexer o planeta e o noso medio ambiente. Gaia é un percorrido singular no que a pintura, a música, o audiovisual e a danza nos axudan a descubrir e comprender a intensidade, o poder e a beleza das características do noso planeta e os seus tesouros naturais. Unha historia en movemento para descubrir as características da terra, os mares e a atmosfera así como a interacción entre as persoas e o medio ambiente.	A partir de 3anos	Entradas á venda en entradas.abanca.com ou no despacho de billetes do Teatro Principal (aberto de martes a sábado + días de evento, de 18 a 21 h). Prezo: 4 €. Bono familiar: 12 € (4 entradas)

Durante este mes, o festival Atlántica, de narración oral, ofrece varias actividades abertas a nenos e nenas. No programa indícase a lingua de cada espectáculo. Podedes consultalo en festivalatlantica.com/o-programa/